

## PLAN DE CONTINXENCIA

### Índice

<b>1. Plan de continxencia .....</b>	<b>2</b>
<b>2. Actuación previas diante da aparición dun abrocho .....</b>	<b>3</b>
<b>3. Actuación para o periodo de actividade lectiva non presencial .....</b>	<b>5</b>
<b>4. Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial .....</b>	<b>6</b>
<b>5. Anexo I: Plan de continxencia ante peche de aulas .....</b>	<b>9</b>
<b>6. Anexo II: Plan actividades extraescolares .....</b>	<b>15</b>

## PLAN DE CONTINXENCIA DA EOI DE MONFORTE DE LEMOS

O Plan de Continxencia do centro educativo EOI de Monforte de Lemos ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula ou no centro.

Os Departamentos **adaptarán a programación** aos diferentes escenarios previstos. Crearanse **aulas virtuais** e utilizaranse ferramentas **dixitais** para que, dado o caso, o alumnado continúe co proceso de aprendizaxe sin que se vexa afectado por no ter clase presencial. O obxectivo é **garantir o cambio** a unha modalidade de ensino non presencial no menor tempo posible.

O profesorado, ao inicio do curso, informará sobre as **diferentes situacións** previstas e explicará os **fundamentos básicos** para a utilización por parte do alumnado das ferramentas dixitais a utilizar, co obxecto de fomentar a súa **autonomía** no manexo dos materiais proporcionados. O profesorado e o alumnado contarán cun canal de **comunicación** que permita ofrecer soporte, xa sexa sobre ferramentas dixitais, aspectos pedagóxicos ou acompañamento no proceso de aprendizaxe.

A **aulas virtuais** crearánse utilizando, preferentemente, **Moodle**. O centro a través dos cursos de formación ofrecidos polo Centro de Formación e recursos de Monforte xa conta cun Aula Virtual propia, montada desde o primeiro día de clase e con todo o alumnado habilitado e habituado a traballar deste xeito.

O profesorado utilizará calquer outra ferramenta dixital que considere conveniente para o proceso de ensino-aprendizaxe, xestión da aula, etc.

Naqueles casos en que, polas dimensións das aulas, non poida manterse a distancia interpersoal establecida polas autoridades sanitarias, pasarase de maneira automática a una modalidade de **ensino semipresencial**, que **combina a presencialidade coa ensinanza por vía telemática**. Esta situación darase unha vez que nun grupo, de calquer nivel e idioma, o número de alumnos/as que se matricularan exceda do aforo máximo da aula seguindo as directrices de seguridade. Con carácter xeral, aproximadamente **a partir de 13 alumnos/as**. Nun rango de entre 12-15 alumnos, excepcionalmente, podería manterse o grupo en ensinanza exclusivamente presencial.

Naqueles grupos nos que resulta imposible a ensinanza presencial cumprindo a distancia de seguridade, combinarase de xeito integrada a ensinanza presencial coa telemática. O alumnado acudirá á clase presencial, na aula asignada na Escola, en **días alternos**, sempre garantindo a equidade, nunha proporción aproximada de 13 alumnos/as na clase presencial e 12 seguindo a clase de maneira telemática mediante a utilización das ferramentas dixitais que se consideren oportunas. Este proceso repetiríase na seguinte sesión, de xeito inversa, e así sucesivamente.

Na primeira **sesión de acollida**, o **profesorado informará** sobre a adaptación da programación xeral anual nos distintos escenarios previstos e organizará, si procede polas características do grupo, as quendas na alternancia de alumnado en modalidade presencial/ telemática nas seguintes sesións.

## Ferramentas dixitais

O profesorado informará dos recursos tecnolóxicos que vai utilizar e ensinará a utilizalos para que as sesións se desenvolvan sen contratempos.

O profesorado contará con diferentes ferramentas, tales como as corporativas CiscoWebex e a Aula Virtual da Escola. O alumnado que traballe en modalidade telemática disporá de ferramentas como repositorios de material cos que traballar e outros para traballar de maneira sincrónica, mediante videoconferencia.

Recoméndase a utilización por parte do alumnado dos seus propios dispositivos móbiles (portátiles, iPads, etc.).

## **ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN ABROCHO**

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles coa COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

2. Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado:

- Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á sala de Covid (Aula 5) destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia no caso de ser menor de idade. A aula disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal.

Será necesario contactar coa persoa responsable da Covid-19 no centro educativo e cos familiares ou titores legais.

- A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado:
  - máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.
  - de forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houbese dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.
  - Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo. O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19, a petición dos servizos de saúde através de EduCOVID, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.

5 A familia dun menor con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houber cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

6. Tras a aparición dun caso diagnosticado da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que teña que estar illada unha parte do centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.

7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen perxuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade cos seguintes supostos:

- A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado a ese grupo.
- Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche da aula onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.

9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.

10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo Resolución conxunta, do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 e na Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de

Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia daCovid-19, relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

### **ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL**

11. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da Aula Virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

12. O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

13. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

14. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- a) Manter o contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde comom para continuar co ensino a distancia.
- b) Seguir co traballo da aula virtual dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe. Temos previsto traballar ca aula virtual do centro xa desde o primeiro día de clase, porén será unha continuidade no método de traballo ao que xa estarán habituados os alumnos.
- c) No caso de ter unha situación de ensino semipresencial, este será impartido polo profesorado do alumnado a través da aula virtual de cada grupo e mantendo contacto permanente co alumno/a que permaneza illado no seu domicilio mantendo, como mínimo un o dous contactos semanais que eviten a desconexión deste alumnado co centro. De darse o caso de que o titor/a do grupo teña que estar illado, de maneira excepcional, a dirección do Centro poderá habilitar a outro profesor para que de forma temporal asuma a súa titoría ata a chegada do substituto.
- d) Realizar tarefas de desinfección profundas no centro.
- e) Revisar o protocolo para buscar posibles erros e facer as modificacións que se estimen oportunas.
- f) Coordinar co profesorado implicado as quendas de organización das fases.

- No caso de corentena total dun ou varios grupos do centro, actuarase da seguinte maneira:

Aínda que a actividade non sexa presencial, seguirase o mesmo horario exposto inicialmente para unha actividade presencial. Efectuaranse conexións nas horas fixadas no horario presencial.

- No caso de corentena de parte do grupo:

Aqueles alumnos do grupo que estean en corentena recibirán información diaria das actividades que se vaian realizando na aula. A información darase na aula virtual do grupo. No caso de ser posible, o alumnado en corentena poderá asistir de forma virtual ás clases que se impartan de xeito presencial ca parte do grupo que non estea en corentena.

## **MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL**

15. Finalizado o período de peche presencial da aula ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade. Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

### **Peche do centro**

<b>FASE 1 – ADECUACIÓN DOS ESPAZOS</b>	
<b>Duración</b>	2 días (pode variar)
Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.	
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Desinfección do centro.</li><li>- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.</li><li>- Adecuada distribución do espazo do alumnado, distribuíndo os pupitres de forma que se consiga unha distancia de máis de 1,5 metros entre eles.</li><li>- Redefinición dos circuitos de circulación interna.</li></ul>

<b>FASE 2 – REINCORPORACIÓN DO ALUMNADO DE ALEMÁN, FRANCÉS E ITALIANO</b>	
<b>Duración</b>	2 días
O regreso ás aulas comezará cos grupos dos idiomas minoritarios alemán, francés e italiano. Esta fase é fundamental para lembrarles aos alumnos as medidas de hixiene e distanciamento.	

<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.</li> <li>- Utilización do espazos e circulación do alumnado polos corredores do centro.</li> <li>- Formar ao alumnado nas medidas de distanciamento físico dentro e fora da aula.</li> <li>- Informar ao alumnado das novas normas derivadas da pandemia no SARS-CoV2.</li> </ul>
-------------------	---

<b>FASE 3 – REINCORPORACIÓN DO ALUMNADO DE INGLÉS</b>	
<b>Duración</b>	2 días
<p>Incorpóranse os alumnos do idioma inglés Nesta fase o alumnado continuará formándose nas medidas de hixiene e distanciamento físico con máis grupos de convivencia no centro.</p>	
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Establecemento de criterios claros de entrada e saída do alumnado.</li> <li>- Continuación das medidas aprendidas na fase 2 cun número maior de alumnos.</li> </ul>

<b>FASE 4 – REACTIVACIÓN</b>	
<b>Duración</b>	1 día
<p>Nesta fase xa estará a totalidade dos alumnos incorporados ao centro.</p>	
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Reforzo e fomento de hábitos aprendidos.</li> </ul>

### Peche de aula

<b>FASE 1 – ADECUACIÓN DOS ESPAZOS</b>	
<b>Duración</b>	2 días (pode variar)
<p>Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade na aula, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.</p>	
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desinfección da aula</li> <li>- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.</li> <li>- Adecuada distribución do espazo do alumnado, distribuíndo os pupitres de forma que se consiga unha distancia de máis de 1,5 metros entre eles.</li> </ul>

<b>FASE 2 – REINCORPORACIÓN DO ALUMNADO</b>	
<b>Duración</b>	1 día
Esta fase é fundamental para lembrarles aos alumnos as medidas de hixiene e distanciamento.	
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.</li> <li>- Utilización do espazos e circulación do alumnado polos corredores do centro.</li> <li>- Formar ao alumnado nas medidas de distanciamento físico dentro e fora da aula.</li> <li>- Informar ao alumnado das novas normas derivadas da pandemia no SARS-CoV2.</li> </ul>

<b>FASE 3 – REACTIVACIÓN</b>	
<b>Duración</b>	1 día
<b>Obxectivos</b>	- Reforzo e fomento de hábitos aprendidos.



## Anexo I

**Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021**  
(Versión 2 novembro 2020)

1. A Escola Oficial de Idiomas de Monforte establecerá as medidas necesarias para garantir a continuidade do proceso educativo de xeito non presencial segundo o establecido neste Plan de Continxencia.

2. Para garantir a continuidade, a escola seguirá a planificación horaria de traballo do profesorado establecida adaptando a metodoloxía empregada ao ensino virtual, de acordo co previsto na *Resolución do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19.*

3. A escola realiza desde os primeiros días de clase e periodicamente simulacións que permitan ter establecidos os protocolos de actuación no caso de peche. Neste proceso contarán coa apoio dos servizos da Rede de Formación Permanente do Profesorado e da inspección educativa.

4. A escola comunicou ao alumnado na primeira semana de clase e ás familias a través da páxina web, a concreción do protocolo en caso de peche para que sexa coñecido e podan contribuír ao proceso educativo.

No suposto do ensino a distancia seguirase un control riguroso da asistencia e participación ao ensino virtual a través da plataforma de Centrosnet.

A xefatura de estudos recibirá semanalmente unha relación das actividades realizadas co alumnado.

Manterase o horario de tutoría establecido dende o principio de curso para cada grupo:

### HORARIO DE TITORIAS

Escola Idiomas Monforte

APELIDOS E NOME	DIAS E HORAS DE TITORIAS
DEPARTAMENTO DE ALEMÁN	
Fernández Castro, Sonia	Luns 19.00-19.30 Mércores 18.00 - 18.30
Quiroga González, Rosa	Martes 9.30 - 10.00 Mércores 19.00 - 19.30
Rodríguez Alonso, Carmen	Martes e Xoves 16.00 - 16.30

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS	
Fernández Fernández, José Miguel	Xoves 15.30 - 16.30
Rodríguez Castro, Silvia	Luns e mércores 9.30 - 10.00
DEPARTAMENTO DE INGLÉS	
Fernández Vilar, Carmen	Luns e Mércores 16.00 - 16.30
López Fernández, Gloria	Luns 18.30 - 19.30
Morado Losada, Elena	Martes 18.30 - 19.00 Mércores 11.00 - 11.30
Paz Gutiérrez, Blanca	Venres 11.30 - 12.30
Rodríguez Juiz, Vanesa	Luns 11.30 - 12.00 / 19.00 - 19.30
DEPARTAMENTO DE ITALIANO	
Fernández Vilar, Carmen	Luns e Mércores 16.00 - 16.30
Rodríguez Rodríguez, María R.	Mércores 18.30-19.30

#### Sección de Chantada

APELIDOS E NOME	DIAS E HORAS DE TITORIAS
Gómez Iglesias, María	Martes 18.30 - 19.30
Salazar Vandenberghe, David	Luns e xoves 21.30 - 22.00

5. A concreción das necesidades de recursos para o ensino a distancia derivadas dunha situación de peche manterase debidamente actualizada en coordinación coa inspección educativa.

6. Para garantir o proceso, o profesorado recibiu unha formación básica facilitada pola propia escola e polos servizos da Rede de Formación Permanente do Profesorado.

7. As tarefas para o alumnado asemellaranse o máis posible ao sistema presencial respectando seu dereito ao lecer e ao descanso.

8. O alumnado é titular dos mesmos dereitos e deberes no ensino non presencial, e está sometido ás mesmas normas de convivencia independentemente da situación de peche ou confinamento.

9. Durante o peche ou confinamento, sempre de acordo coas indicacións sanitarias derivadas da evolución epidemiolóxica, o profesorado poderá seguir o proceso educativo no seu centro educativo ou no seu domicilio, no caso de dispoñer dos medios adecuados para realizar o servizo.

10. A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das ferramentas institucionais tales como as aulas virtuais, Webex. O profesorado realizará o seguimento do alumnado, impartirá os contidos da materia de xeito virtual e poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma. En todo caso a actividade en liña oscilará entre un 60% e un 75 % do tempo lectivo total, completándose o 100% desta actividade con tarefas a través da aula virtual do centro.

O alumnado terá que conectarse 5 minutos antes do comezo da clase a través de Webex para que a clase empece á hora en punto.

O horario quedará como sigue:

Escola Oficial de Idiomas de Monforte

Sede Central

Grupo	Aula	Horario	Profesor
Idioma Alemán			
AL-A1-1	8	10:00-11:30 Mércores Venres	Carmen Rodríguez Alonso
AL-A1-2	7	19:30-21:00 Martes Xoves	Carmen Rodríguez Alonso
AL-A2-1	1	19:30-21:00 Luns Mércores	Rosa Quiroga González
AL-B1.1-1	8	19:30-21:00 Martes Xoves	Sonia Fernández Castro
AL-B1.2-1	8	19:30-21:00 Luns Mércores	Sonia Fernández Castro
AL-B2-1	8	16.30-18.00 Martes e Xoves	Sonia Fernández Castro
AL-C2	1	10:00-11:30 Martes e Venres	Rosa Quiroga González

Idioma Francés			
FR-A1-1	6	19:30-21:00 Luns Mércores	José Miguel Fernández
FR-A2-1	6	16:30-18:00 Martes Xoves	José Miguel Fernández
FR-B1-1	6	16:30-18:00 Luns Mércores	José Miguel Fernández
FR-B2.1-1	6	19:30-21:00 Martes Xoves	José Miguel Fernández
FR-B2.2-1	1	16:30-18:00 Martes Xoves	Silvia Rodríguez Castro
FR-C1.1-1	6, 1	9:30-11:00 Martes Xoves	Silvia Rodríguez Castro
FR-C1.2-1	1	10:00-11:30 Luns Mércores	Silvia Rodríguez Castro
Idioma Inglés			
IN-A1-A2-1	3	09:30-11:00 Mércores Venres	Elena Morado Losada (Sarina Dorazio 9.30-10.00 ME)
IN-A1-A2-2	10	16:30-18:00 Martes Xoves	Carmen Fernández Villar (Sarina Dorazio 17.30-18.00 XO)
IN-B1-1	4	11:30-13.00 Martes Xoves	Gloria López (Sarina Dorazio 11.30-12.15 MA)
IN-B1-2	3	19:30-21:00 Luns Mércores	Gloria López (Sarina Dorazio 19.30-20.15 ME)
IN-B2.1-1	4	09:30-11:00 Martes Xoves	Gloria López (Sarina Dorazio 9.30-10.15 MA)
IN-B2.1-2	4	19:30-21:00 Martes Xoves	Gloria López (Sarina Dorazio 19.30-20.15 XO)
IN-B2.2-1	11	11:30-13:00 Martes Xoves	Blanca Paz Gutiérrez (Sarina Dorazio 11.30-12.15 XO)
IN-B2.2-2	11	16:30-18:30 Luns Mércores	Blanca Paz Gutiérrez (Sarina Dorazio 16.30-17.15 ME)
IN-C1.1-1	11	10:00-11:30 Martes Venres	Blanca Paz Gutiérrez (Sarina Dorazio 10.30-11.15 MA)
IN-C1.1-2	11	20:00-21:30 Luns Xoves	Blanca Paz Gutiérrez (Sarina Dorazio 20.30-21.15 XO)

IN-C1.2-1	3	12:00-13:30 Martes Xoves	María Elena Morado Sobrido (Sarina Dorazio 12.30-12.45 MA)
IN-C1.2-2	3	16:30-18:00 Martes Xoves	María Elena Morado Sobrido (Sarina Dorazio 16.30-17.15 XO)
IN-C2-1	7	9:30-11:00 Luns Mércores	Vanesa Rodríguez (Sarina Dorazio 10.00-10.30 ME)
IN-C2-2	7	19:30-21:00 Luns Mércores	Vanesa Rodríguez (Sarina Dorazio 19.30-20.00 ME)
Idioma Italiano			
IT-A1-A2-1	9	16:30-18:00 Luns Mércores	María R. Rodríguez Rodríguez
IT-B1-1	9	16:30-18:00 Martes Xoves	María R. Rodríguez Rodríguez
IT-B2.1-1	9	19:30-21:00 Luns Mércores	María R. Rodríguez Rodríguez
IT-B2.2-1	9	19:30-21:00 Martes Xoves	María R. Rodríguez Rodríguez
IT-C1.1-1	10	19:30-21:00 Luns Mércores	Mª del Carmen Fernández Vilar
IT-C2-1	10	16:30-18:00 Luns Mércores	Mª del Carmen Fernández Vilar
Monográficos EOI Monforte			
Monográfico Alemán A1A2	7	18.30-19.15 Xoves	Carmen Rodríguez Alonso
Monográfico Alemán B2C1	8	11.00-11.45 Luns	Carmen Rodríguez Alonso
Monográfico Francés	6	9.00-10.30 Venres	Silvia Fernández Castro Miguel Fernández
Monográfico Italiano	10	10.00-10.45 Venres	Carmen Fernández Vilar
Monográfico Italiano	9	11.00-11.45 Venres	María R. Rodríguez Rodríguez
Monográfico Inglés	11	18.30-19.15 Luns	Blanca Paz Gutiérrez
Monográfico Inglés	4	18.30-19.15 Mércores	Gloria López
Monográfico Inglés	7	18.30-19.15 Mércores	Vanesa Rodríguez
Monográfico Inglés	3	18.30-19.15 Xoves	Elena Morado

## Sección Chantada

Grupo	Aula	Horario	Profesor
IN-A1-A2-1	1	17:30-19:00 Martes Xoves	David Salazar Vanderberghe (Sarina Dorazio 17.30-18.00 MA)
IN-B1-2	2	16:30-18:00 Martes Xoves	María Gómez Iglesias (Sarina Dorazio 16.30-17.15 MA)
IN-B1-1	2	17:30-19:00 Luns Mércores	María Gómez Iglesias
IN-B2.1-1	1	19:30-21:00 Luns Mércores	David Salazar Vanderberghe
IN-B2.2-1	1	19:30-21:00 Martes Xoves	David Salazar Vanderberghe
IN-C1.1-1	2	19:30-21:00 Martes Xoves	María Gómez Iglesias (Sarina Dorazio 19.30-20.00 MA)
IN-C1.2-1	2	19:30-21:00 Luns Mércores	María Gómez Iglesias
Monográficos Chantada			
Monográfico Inglés	1	18.00-18.45 Mércores	David Salazar Vanderberghe
Monográfico Inglés	2	18.30-19.15 Xoves	María Gómez Iglesias

11. Cando durante o peche ou confinamento parte do profesorado afectado se atope de baixa será o equipo docente (departamento, equipos de ciclo, etc) co apoio da persoa Coordinadora TIC /eDixgal quen dispoña provisionalmente de recursos formativos ao alumnado ata a incorporación de persoal de substitución ou a alta do/a docente. Poderá contarse, para este labor, co apoio das asesorías do Centros de Formación e Recursos (CFR) correspondente.

12. O mesmo día do peche:

a. a dirección do centro publicará unha nova na web do centro.

b. o profesorado traballará na aula virtual do centro cos recursos e as actividades previstas e trasladará orientación ao alumnado e ás familias, especialmente para o alumnado menor de idade.

13. Durante o peche ou confinamento o profesorado continuará co seu labor docente de acordo co previsto no apartado 30 do Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid-

19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 ( Normas específicas relativas a metodoloxías na aula e programacións) e no apartado 3 das *Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato* (Programacións didácticas).

14. A atención ao alumnado que deba permanecer en illamento, mesmo cando non se produza o peche ou confinamento da aula ou centro, responderá ao previsto con carácter xeral no artigo 25 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación así como no apartado 3 do Protocolo de atención educativa domiciliaria.

Este alumnado poderá seguir coa actividade lectiva a través da aula virtual.

15. A actividade educativa durante o peche ou confinamento estará sometida aos principios xerais de inspección educativa previstos no Decreto 99/2004, do 21 de maio, polo que se regula a organización e o funcionamento da Inspección Educativa e o acceso ao corpo de inspectores de Educación na Comunidade Autónoma de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento, especialmente no relativo ao previsto nas alíneas a), b) c) e d) do Artigo 6, podendo requirir acceso aos servizos de auditoría e rexistro das citadas ferramentas de acordo co previsto nesta normativa.

16. Garantirase en todo momento a atención a diversidade do alumnado para o cal se disporán os recursos organizativos e didácticos necesarios que, con carácter individualizado, respondan ás súas necesidades, con especial atención ás adaptacións curriculares e aos protocolos de atención á diversidade, de ser o caso.

17. A administración educativa garantirá o dereito á educación e a súa equidade. A tal fin disporá os medios informáticos necesarios para o seguimento do ensino virtual por parte do alumnado que o precise. A tal efecto a Escola identificará durante as primeiras semanas de curso ao alumnado en situación de fenda dixital. Unha vez identificado seguirase e procedemento de xestión de equipamento establecido no Plan de Ensino virtual ante a Covid -10 da Xunta de Galicia.

## **Anexo II**

### ***Protocolo de prevención da transmisión da COVID-19 nas actividades extraescolares***

Como norma xeral a Escola Oficial de Idiomas de Monforte de Lemos e a súa Sede en Chantada, non organizarán ningunha actividade extraescolar que supere o aforo permitido nas salas.

En calquera caso respectarase sempre o establecido no Plan de Adaptación á situación Covid para o curso 20-21.